

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN – MEDIANTE 7 LOTES - DA IMPLEMENTACIÓN DE ITINERARIOS INTEGRADOS PARA A MELLORA DA FORMACIÓN E A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO MARCO DO PROXECTO “EMPREGALIA” COFINANCIADO NUN 91,89% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 17241EMPREGALIA). EXPTE. REF. 52-2017. APERTURA DOS SOBRES QUE CONTEÑEN A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Sendo as 12:45 horas do día 19 de febreiro de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica,
- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral,
- dona Paulina Gamazo Medina, técnica de emprego e actuando como secretaria dona Carmen Menéndez López, persoal adscrito o Servizo de Contratación.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro, de data 19 de febreiro de 2018, no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:

- ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES, S.L..
- G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L..
- CRUZ ROJA ESPAÑOLA.
- COMBINA SOCIAL.

Procédese a continuación á apertura dos sobres A que conteñen a documentación administrativa co seguinte resultado:

1.- ACTIVIDADES AERONÁUTICAS LUCENSES S.L., presenta a seguinte documentación:

- Anexo I, documentación gabinete de prevención de riscos laborais.
- Certificación NorPrevención.
- Anexo III, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo IV, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo VI, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- DNI de don Luis Abelleira Álvarez.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refº: Acta apertura sobres A)

Asunto:

2.- G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS SL, presenta a seguinte documentación:

- Anexo IV, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo V, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo VI, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.

3.- CRUZ ROJA ESPAÑOLA, presenta a seguinte documentación:


- Anexo IV, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo V, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo VI, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.

4.- COMBINA SOCIAL, presenta a seguinte documentación:

- Anexo IV, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo V, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Anexo VI, conforme ao modelo establecido no prego de condicións.
- Certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da CC.AA. de Galicia como empresa prestadora de servizos.
- Xustificante da Xunta de Galicia de rexistro administrativo de centros especiais de emprego.

Unha vez examinada a documentación presentada, os membros da mesa, acordan admitir á licitación convocada a tódalas empresas licitadoras; procedendo a continuación á apertura dos sobres B que conteñen a documentación suxeita a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.


A PRESIDENTE,



Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,



Asdo.: Carmen Menéndez López.